



OBRADOIROS

2026



SOSTIBILIDADE
PARA TODAS
AS IDADES



@somosterra.gal



@cooperativasomosterra



www.somosterra.gal

OBRADOIROS

CONSUMO CONSCIENTE



@somosterra.gal



@cooperativasomosterra



www.somosterra.gal



Alternativas para o consumo consciente

O consumo é unha ferramenta que temos a cidadanía para defender os dereitos das persoas e do resto de seres vivos. Neste obradoiro aprenderemos alternativas para poder ser críticos coa nosa forma de consumir.

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos ou público adulto.

+ información:



Ecoetiquetado

O consumo responsable conta con etiquetas que nos axudan a coñecer a orixe, a forma de produción e o respecto dos dereitos humanos dos produtos que compramos, pero, como diferencialos? realmente son tan estrictos?

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos ou público adulto.

+ información:



Cosmética natural

Neste obradoiro de creación de xabóns con aromas naturais aprenderemos a importancia da reutilización e o aproveitamento dos recursos a través da creación de xabóns con elementos naturais.

Público obxectivo: familias ou público adulto.

+ información:



Tinci3ns vexetais

Neste obradoiro realizaremos tinguiduras con elementos naturais e estampados con flores e herbas da contorna, para decorar as nosas roupas e manteis dunha maneira natural e lúdica.

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto.

+ información:

OBRADOIROS

CULTIVOS



@somosterra.gal



@cooperativasomosterra



www.somosterra.gal



Introducción á horta

Neste obradoiro aprenderemos a crear hortas en espacios pequenos a través do aproveitamento e reutilización de materias para a plantación. Ademais utilizaremos restos de vexetais que volven a brotar.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Cultivo de fungos

Neste obradoiro inocularemos micelio de diferentes fungos para o seu cultivo e produción utilizando materiais reciclados. Aprenderemos a cultivar e coidar cogomelos comestibles!

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto.

+ información:

OBRADOIROS

COIDADO DA BIODIVERSIDADE



@somosterra.gal



@cooperativasomosterra



www.somosterra.gal



Identificación de plantas silvestres

Neste obradoiro aprenderemos a identificar plantas silvestres da nosa contorna poñendo o foco nas especies autóctonas e no seu uso tradicional. Moitas das especies silvestres poden utilizarse en cociña, en medicina ou en cosmética!

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Identificación de especies invasoras

Que son as especies exóticas invasoras? por que xeran tantos problemas? que especies son invasoras e cales non? estas son as preguntas que responderemos neste obradoiro.

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Creación de miniecosistemas

Neste obradoiro crearemos un microecosistema nun bote de cristal. Coñeceremos a importancia dos ecosistemas, que son e como podemos coidalos, ademais aprenderemos as diferentes capas do solo e a súa importancia para as plantas e os animais.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos ou familias.

+ información:



Creación dun herbario

Cal é o nome desta planta? Para que serve? Como a diferencio? Todas estas preguntas poderemos resolvelas neste obradoiro para crear un herbario con plantas da nosa contorna que poderás levar contigo para identificar as herbas e árbores máis abundantes da nosa natureza.

Público obxectivo: cativada a partires de 5 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Restauración ecolóxica

Obradoiro de creación de bombas de sementes mediante a técnica Nendo Dango ou bolas de arxila en xaponés, técnica creada por Masanobu Fukuoka para reforestar ecosistemas.

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto

+ información:



Especies da Intermareal

Obradoiro participativo para coñecer as especies dos ecosistemas acuáticos, que segredos e tesouros gardan as nosas praias?

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto

+ información:

OBRADOIROS

XOGOS DE ROLES



@sosterra.gal



@cooperativasosterra



www.sosterra.gal



Os consumidores somos nós

Obradoiro de reflexión acerca da produción e o consumo. Neste obradoiro cada participante deberá realizar unha compra tendo en conta criterios de sostibilidade, pero, tamén económicos e sociais.

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Xincanas e xogos de probas

Xogos de resolución de probas para todas as idades sobre diversas temáticas: cambio climático, límites planetarios, biodiversidade, compostaxe...

Sede os primeiros en superar as probas para lograr o premio final!

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos, familias ou público adulto.

+ información:



Xogo de investigación: o coidado da natureza

O xogo comeza coa aparición dunha vítima (planta ou animal) que morreu por causas naturais ou causadas polo ser humano. Cada participante será unha personaxe do mundo natural: labregos, biólogos, gandeiros, excursionistas.... e deberá atopar a causa e a persoa causante desa morte.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos ou familias

+ información:



A vida nos ecosistemas

Nesta obradoiro realizaremos un xogo para coñecer as especies autóctonas de Galicia (animais, plantas, fungos etc.) a través da creación dun ecosistema que recibirá unha perturbación. Será o noso ecosistema capaz de resistir? A clave está na diversidade de especies!

Público obxectivo: cativada a partires de 10 anos ou familias.

+ información:



Correde pitiñas!

Nesta obradoiro contaremos unha historia interactiva na que andaremos na procura da galiña Pitiña nunha viaxe polos ecosistemas galegos onde presentaremos animais en perigo de extinción que nos axudarán na nosas pesquisas.

Poderemos axudalos a todos?

Público obxectivo: cativada a partires de 3 anos ou familias.

+ información:



Coñecendo a nosa biodiversidade

Nesta obradoiro os máis pequenos realizaremos unha búsqueda a través duns botes que conteñen diferentes animais, plantas, verduras, froitas e moito máis para aprender acerca da nosa contorna. Parece fácil, pero as nosas criaturas están ocultas, debemos alumealas para atopalas!

Público obxectivo: cativada a partires de 3 anos e familias

+ información:

OBRADOIROS

ECONOMÍA CIRCULAR



@somosterra.gal



@cooperativasomosterra



www.somosterra.gal



Iniciación ao vermicompostaxe

A compostaxe é un piar na xestión dos residuos e a forma natural de reciclar os residuos orgánicos na natureza. Neste obradoiro aprenderemos as claves para poder levar a cabo este proceso de forma correcta e utilizando as nosas amigas as miñocas.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto

+ información:



Iniciación a compostaxe

A compostaxe é un piar na xestión dos residuos e a forma natural de reciclar os residuos orgánicos na natureza. Neste obradoiro aprenderemos as claves para poder levar a cabo este proceso de forma correcta.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto

+ información:



Elaboración de papel reciclado

Neste obradoiro fabricaremos papel a través dun proceso manual de reciclado de restos de follas, papeles de periódico ou libretas.

Público obxectivo: cativada a partires de 7 anos, familias ou público adulto

+ información:



Alternativas creativas para deixar unha pegada positiva

A creatividade e a imaxinación serán a base para crear obxectos con materiais de refugallo, crearemos xoguetes, macetas, obxectos de decoración etc. Tratando de minimizar os refugallos e aproveitando totalmente os materiais utilizados.

Público obxectivo: cativada a partires de 3 anos, familias ou público adulto

+ información:

OBRADOIROS 2026



SOMOSTERRA

cooperativa@somosterra.gal